



EXPEDIENTE: ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS DE MATERIAL DE OFICINA, PAPEL DE OFICINA E MATERIAL DE IMPRENTA

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2024/ACMSUB/000002

TRAMITE: RESOLUCIÓN DE INICIO

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DO BENESTAR, DA SAÚDE E DA ECONOMÍA.

Examinado a memoria xustificativa e informe de insuficiencia de medios promovendo o contrato que consta no expediente indicado na cabeceira, no que se xustifica a natureza e extensión das necesidades a satisfacer así como a idoneidade do obxecto e natureza do contrato para satisfacelas e a insuficiencia de medios nos termos que esixe o artigo 28.1, 30 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, que se asumen nesta resolución.

Considerando que está xustificada a necesidade de proceder a realizar un contrato de acordo marco de subministro para satisfacer as necesidades expostas no informe mencionado.

Resultando, que a realización do contrato de acordo marco para subministro mencionado na cabeceira require acordo de inicio do órgano de contratación, que no Concello de Pontevedra é a Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, se ben a dita competencia para iniciar expedientes delegouse nesta Concellería de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024 **RESOLVO:**





Primeiro.- Acordar o inicio do expediente do contrato de acordo marco para subministro que se menciona na cabeceira desta resolución e considerar xustificada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer no contrato así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas.

EXPEDIENTE DO CONTRATO DE ACORDO MARCO PARA SUBMINISTRO	ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS DE MATERIAL DE OFICINA, PAPEL DE OFICINA E MATERIAL DE IMPRENTA (2024/ACMSUB/000002)
ORZAMENTO	53.298,04 €
IVE:	11.192,59 €
ORZAMENTO TOTAL	64.490,63 €
PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO	2 anos prorrogables por un ano máis.

